



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 10/01/2009.**

Alcalde Presidente:

D. Secundino García Casal.

Concelleiros presentes:

D. Manuel Varela Mecias.

D. Xosé López Gudín.

D^a María del Carmen Muiño Filgueira

D. Jesús Manuel Soto Vivero.

D. Fernando Márquez Hermida.

D. Constantino Bedoya Vázquez.

D. Hipólito Díaz Silva.

D. Juan Antonio Hermida Tembrás.

D. José Romero Ledo.

Concelleiro ausente:

D. José Serafín Gudín Sabín.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día dez de xaneiro de dous mil nove, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día vintenove de novembro do pasado ano dous mil oito. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non téndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación da mesma, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación.

SEGUNDO. APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 01/2009.

Dase conta da necesidade de xerar crédito no presuposto do presente exercicio 2009, xa aprobado definitivamente, para encaixar os investimentos derivados da participación deste Concello no Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e do Emprego,



aprobado por Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, e do expediente tramitado para a aprobación da modificación de créditos n.º 01/2009, coa modalidade de xeneración de créditos, no que consta o informe favorable do Interventor. Visto que con data 05/01/09, emitiuse informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir, que coa mesma data, por Intervención informouse favorablemente a proposta da Alcaldía, e que o acordo de que se trata foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

No exercicio das atribucións conferidas polas bases de execución do vixente Presuposto en relación co artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e os artigos 43 a 46 do Real Decreto 500/1990.

A Corporación, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar o expediente de modificación de créditos n.º 01/2009, do Presupuesto do 2009, na modalidade de xeración de crédito, de acordo co seguinte detalle:

Altas en Partidas de Ingresos/Artigo 43.1.a), b) e c) do Real Decreto 500/1990

Partida	Descripción	Euros
Económica: 72	Transferencias de capital da administración do Estado	552.734
	TOTAL INGRESOS	552.734

Altas en Partidas de Gastos

Partida	Descripción	Euros
Funcional: 5 Económica: 60	Investimentos a realizar con cargo á asignación establecida no RD-L 9/2008	552.734
	TOTAL GASTOS	552.734

TERCEIRO. ACORDOS SOBRE A PARTICIPACIÓN DESTE CONCELLO NO FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL.

Dase conta do contido do Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crea un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e do Emprego e se aproban créditos extraordinarios para atender á súa financiación, do que corresponde a este Concello, para a realización de investimentos creadores de emprego das previstas nese texto legal, a cantidade de 552.734 €. Infórmase á Corporación que, mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do pasado día 22 de decembro, aprobáronse as memorias correspondentes ás dúas obras que seguidamente se indican que, tras formular a oportuna solicitude, foron autorizadas pola Secretaría de Estado de Cooperación Territorial mediante Resolución do 26/12/2008:



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

- Aglomerado da pista de Eirexado ó Pico, cun presuposto base de licitación estimado de 184.201,49 €, IVE engadido.

- Aglomerado da pista de A Pena hasta o límite co Concello de Narón, cun presuposto base de licitación estimado de 199.951,87 €, IVE engadido.

Dase conta igualmente de que no expediente incoado para a participación deste Concello nese Fondo, figuran xa as memorias explicativas dos outros tres proxectos de investimento que se pretenden incluír no mesmo, que son os seguintes:

- Suxeción dos contedores de residuos sólidos urbanos na parroquia de Santa María de San Sadurniño, cun presuposto base de licitación estimado de 30.000 €, IVE incluído.

- Sustitución da cuberta de pizarra e carpintería exterior na antiga escola unitaria de Vilarxá, da parroquia de Santa María de Naraío, cun presuposto base de licitación estimado de 13.145,86 €, IVE incluído.

- Sinalización direccional e de núcleos de poboación no Concello, cun presuposto base de licitación estimado de 125.434,78 €, IVE incluído.

As dúas primeiras obras realizaríanse mediante contrato menor, e a terceira mediante procedemento negociado sen publicidade. As referidas obras non estaban incluídas no Presuposto deste Concello para 2009 aprobado inicialmente mediante acordo plenario adoptado o pasado día 29 de novembro de 2008. Dase conta tamén de que, mediante Resolución da Alcaldía de data do pasado día 17/12/2008, designouse como responsable autorizado para a petición destas axudas como representante do Concello ó Secretario Interventor, Miguel A. Arroyo Moreno, que xa tramitou as solicitudes correspondentes ás dúas obras xa incluídas no Fondo.

O expediente de que se trata foi dictaminado favorablemente pola comisión informativa competente deste Concello.

O Sr. Alcalde explica brevemente o contido destas memorias e as características das obras a realizar, e di que pode que existan outras prioridades, pero que, seguindo as recomendacións expresas relacionadas con esta convocatoria, é preciso axilizar os trámites de contratación, evitando na medida do posible as demoras derivadas da tramitación de autorizacións doutras administracións públicas ou organismos, polo que non se considerou procedente proponer obras de abastecemento de auga ou saneamento, que si requiren estas autorizacións previas.

O Sr. Bedoya toma a palabra de seguido para indicar que o seu grupo apoiará a proposta, aínda que consideran que deberían incluírse outras obras, como a de ampliación do depósito de auga, que será necesaria en calquera momento, e que a proposta volve a ser asfalto sobre asfalto, ademais nalgúns pistas nas que se fixeron obras hai pouco. Di que habería que ter outras miras, porque tras case dous anos de goberno, se segue co mesmo tipo de actuacións, que o Plan en cuestión vai ser un conto chino, porque non vai xerar o emprego previsto, que as medidas necesarias para paliar a crise económica son máis complexas, e que esta inxección de cartos acabaremos pagándoa todos cos nosos impostos. Di tamén que se



debeu contar co seu grupo antes de adoptar a decisión que sexa en relación con estes investimentos.

O Sr. Alcalde interven de seguido para dicir que este asunto non ten que acordarse necesariamente polo Pleno e que o PP non presentou proposta algunha cando aínda estaban a tempo. Polo referido ó Plan, di que a cantidade de diñeiro que se vai poñer en circulación sen dúbida terá algunha influencia sobre o emprego, aínda que non será a solución para a crise económica que vivimos.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda:

1º.- Ratificar íntegramente os acordos adoptados en relación con este asunto pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do pasado día 22 de decembro de 2008.

2º.- Aprobar as memorias correspondentes á realización das obras antes sinaladas, para financiar a súa execución con cargo ó Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e do Emprego creado polo Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro.

3º.- Ordear a realización dos trámites necesarios para formalizar a solicitude de financiación destas tres obras coa maior brevidade posible, polo procedemento sinalado no referido Real Decreto-Lei 9/2008 e na Resolución complementaria do MAP de data 09/12/2008, publicada no BOE do día 10.

CUARTO. ACORDOS SOBRE A PARTICIPACIÓN DESTE CONCELLO NO PLAN ESPECIAL DE PARQUES INFANTÍS 2009.

Dase conta do contido da convocatoria do programa de que se trata publicada pola Deputación Provincial no BOP do 5 de novembro de 2008, e do expediente incoado para formular solicitude de financiación ó abeiro desa convocatoria dunha subministración que reúne os requisitos sinalados na mesma, segundo informe técnico valorado redactado pola arquitecta municipal para actuacións de mellora en dous parques infantís de titularidade municipal, ubicados no recinto do colexio e na área recreativa de Corrás. O expediente de que se trata foi dictaminado favorablemente pola comisión informativa competente deste Concello.

O Sr. Bedoya pregunta polo resto dos parques do Concello, respostándolle o Sr. Alcalde que os custos de adaptación á normativa vixente son elevados, e que será preciso un rebrandamento do asunto en conxunto, coa posibilidade de pechar algún deles se se considera oportuno.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda:

1º.- Participar no Plan especial de parques infantís 2009, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, polo que solicita a realización do investimento a que continuación se indica:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO	ACHEGA	ACHEGA
--------------	-----------	--------	--------



	TOTAL	MUNICIPAL	PROVINCIAL
Instalacións para mellora de parques infantís do Concello	37.316,74 €	5.597,51	31.719,23

2.-Aprobar o correspondente informe técnico valorado da subministración indicada no apartado 1.

3.- Para o financiamento do importe da achega municipal, este Concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente crédito dabondo para o seu financiamento.

4.-Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a realización das instalacións de que se trata.

5.-Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento deste investimento.

6.-Autorizar á Deputación da Coruña a solicitar ós organismos e administracións competentes as acreditacións de que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7º.- Facultar ó Sr. Alcalde para a realización dos trámites necesarios para a plena efectividade do presente acordo.

QUINTO. ACORDOS SOBRE A PARTICIPACIÓN DESTE CONCELLO NO PROGRAMA DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS 2008.

Dase conta do contido da convocatoria do programa de que se trata publicada pola Deputación Provincial no BOP do pasado día 19 de decembro, e do expediente incoado para formular solicitude de financiación ó abeiro desa convocatoria dunha obra que reúne os requisitos sinalados na convocatoria, segundo proxecto redactado pola arquitecta municipal para a eliminación de barreiras na Casa do Concello. O expediente de que se trata foi dictaminado favorablemente pola comisión informativa competente deste Concello.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda:

1º.- Participar no Programa de eliminación de barreiras arquitectónicas 2008 da Excmá. Deputación Provincial da Coruña, elaborado no marco do convenio de colaboración 2008/2010, subscrito o 20 de febreiro de 2008, entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais (IMSERSO) e a Fundación ONCE, para a cooperación e integración social de persoas con discapacidade, para desenvolver un programa de accesibilidade universal, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a realización do investimento a que continuación se indican:

DENOMINACIÓN
PRESUPOSTO
1.- Eliminación de barreiras arquitectónicas no edificio do Concello
37.340,78 €
TOTAL



37.340,78 €

2.–Aprobar o correspondente proxecto técnico da obra indicada no apartado 1, coa súa documentación correspondente: memoria descritiva e de cumprimento da normativa, planos de localización, planos de detalle de actuacións coas cotas e especificacións, e orzamento detallado co seu resumo incluíndo porcentaxes de gastos, beneficio industrial e IVE.

3.–Declarar que o concello conta cos terreos necesarios para a execución das obras e que se compromete a ter resolto todo o relacionado coas autorizacións administrativas e cumprimento da legalidade urbanística, ao respecto ao patrimonio histórico-artístico e protección do medio ambiente, incluídos informes de impacto ambiental se é o caso e concesións que sexan necesarias.

4.–Declarar que o concello se compromete a dar publicidade á axuda concedida pola Deputación da Coruña e se é o caso á publicidade que proceda, de acordo co convenio-marco entre o IMSERSO e a ONCE e o convenio singular entre estas entidades e a Deputación da Coruña.

5.–Autorizar á Deputación da Coruña a solicitar con anterioridade ao acordo de concesión de subvención ou pagamento a acreditación de que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

SEXTO.- ACORDOS DE MODIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO.

Dase conta da necesidade de modificar a inscrición no Inventario do edificio que alberga o Centro de Saúde deste Concello, que vai ser cedido á Xunta de Galicia, para que se faga cargo dos seus gastos de funcionamento, coa finalidade de introducir nesa inscrición datos de importancia e que son precisos para posibilitar a inscrición deste edificio no Rexistro da Propiedade. O expediente de que se trata foi dictaminado favorablemente pola comisión informativa competente deste Concello.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda modificar a referida inscrición, para especificar que a edificación de que se trata, na que ven funcionando o Centro de Saúde e Punto de Atención Continuada, incluída no Inventario de Bens deste Concello como inmovible urbano nº 2, está edificado sobre parte dunha finca adquirida polo Concello mediante convenio urbanístico asinado co Bispo de Mondoñedo-Ferrol, o sete de xuño de mil novecentos oitenta e nove, diante do notario Fernando Máiz Cal, co número 201. Especificase igualmente que a edificación, de tres plantas, ubícase nunha finca de 572,63 m², dos que ocupa 427,34 m² e ten unha superficie total construída de 930,73 m², sendo os seus lindeiros os seguintes: polo Norte, terreo de propiedade municipal; polo Sur, vía pública municipal; polo Leste, terreo no que se ubica a Casa de Cultura do Concello e polo Oeste, pequena edificación pertencente á Compañía Telefónica afecta ó servizo telefónico e parte doutro terreo municipal. Ordea igualmente á Xunta de Goberno que se dea conta do presente acordo ó Pleno do Concello, ós efectos legalmente procedentes.



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Dase conta de seguido da necesidade doutras modificacións no Inventario, consistentes na alta de tres vehículos adquiridos polo Concello, cuxas características son as que seguidamente se especifican resumidamente:

- Camión con equipo recolector compactador de lixo, marca Renault, modelo 320.18 4x2, con matrícula 4220 DCK e que tivo un prezo de adquisición de 121.394 € no ano 2004.
- Camión lixeiro contra incendios marca Nissan, modelo Navara, matrícula 5985 FYP, co equipamento sinalado na súa documentación técnica, e que tivo un prezo de adquisición de 66.000 € no ano 2007.
- Tractor equipado con cabrestante e desbrozadora polivalente, marca Massey Ferguson, modelo 5465-4RM, matrícula C98092VE e que tivo un prezo de adquisición de 71.500 € no ano 2008.

O expediente de que se trata foi dictaminado favorablemente pola comisión informativa competente deste Concello.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda dar de alta no Inventario de Bens do Concello a estes tres vehículos, que terán os números 6, 7 e 8 na relación de vehículos dese Inventario.

SÉTIMO.- APROBACIÓN DA NORMATIVA MUNICIPAL SOBRE BOLSAS DE ESTUDO.

Dase conta do contido da proposta de bases reguladoras para a concesión de bolsas escolares e axudas para sufragar gastos de garderías infantís, que recolle algunhas modificacións respecto ás bases vixentes ata a data. O Sr. Márquez explica brevemente o contido desas bases, coas que se concederán axudas por un importe total de 20.000 € no presente exercicio 2009, dos que 3.000 serán paa axudas a alumnos de garderías e outros 2.000 para casos especiais, previo informe técnico, indicando que os criterios de reparto serán a composición das unidades familiares, a súa renda e máis o expediente académico dos alumnos para os que se pida.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación ás bases de que se trata, ordeando a realización dos trámites precisos para a súa aplicación coa brevidade posible.

OITAVO.- ACORDOS SOBRE A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NO CONSORCIO DE TURISMO FERROL-ORTEGAL-EUME.

Dase conta da proposta de Estatutos para este Consorcio, e por parte do Sr. Varela explícase brevemente o proceso que levou á constitución do mesmo, con participación da Xunta, do empresariado da zona e dos concellos, así como da Deputación Provincial e dalgunhas fundacións con competencias en materia de promoción turística, e tamén as normas fundamentais de funcionamento dos órganos de goberno do Consorcio, que terá a súa sede en Ferrol, indicando tamén que é preciso designar un representante do Concello diante do Consorcio.



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar os Estatutos do Consorcio de Turismo Ferrol-Ortegal-Eume, designando representante deste Concello ó Concelleiro de Cultura, Participación Veciñal e Turismo, Manuel Varela Mecías, ou o concelleiro en quen delegue.

NOVENO.- TOMA DE RAZÓN E RATIFICACIÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓN S.

Dase conta das resolucións dictadas pola Alcaldía en relación coa provisión dunha praza de persoal funcionario, administrativo, por promoción interna, aprobando a relación de admitidos, designando ós membros do tribunal que vulgará a selección e concretando a data de realización do exercicio da fase de oposición, que terá lugar o 19 de xaneiro. A Corporación queda enterada e conforme co contido das referidas resolucións.

URXENCIA. Antes de pasar ó décimo e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

Non tendo o grupo da oposición proposta algunha que prantexar de asuntos urxentes, toma a palabra o Sr. Soto, para propoñer a inclusión dun punto con este carácter na orde do Día da presente sesión: unha moción de condena do ataque israelí contra a franxa de Gaza.

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión da proposta de que se trata como urxente, na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda considerar o asunto urxente, polo que queda incluído na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

URXENCIA-PRIMEIRO.- MOCIÓN DE CONDENA DO ATAQUE ISRAELÍ CONTRA A FRANXA DE GAZA, EN PALESTINA.

O Sr. Soto pasa a ler a moción de que se trata, que literalmente di:

"Nos últimos días o exército de Israel ten bombardeado e invadida a franxa de Gaza, en Palestina, provocando centos de vítimas, maioritariamente nenos, nenas e mulleres, sen contar os centos de feridos e feridas de carácter grave.

Este ataque é un crime de guerra que aparece como colofón de máis dun ano de bloqueo do Estado de Israel contra o pobo de Gaza, que xa provocara unha grave crise humanitaria, e as súas vítimas súmanse aos máis de 5.000 palestinos mortos desde setembro do ano 2000, en que empezou a rebelión contra o Estado israelí na coñecida como Segunda Intifada, e onde tamén morreron máis de 900 nenos e nenas.

Queremos manifestar a nosa solidariedade co pobo de Palestina, facer un chamamento a que se deteña inmediatamente a agresión contra Gaza, instando ao Estado español e comunidade internacional a condenar os ataques, impondo ao Estado de Israel condenas diplomáticas e comerciais, e consecuentemente adoptar polo Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

1. Rexeitar os bombardeos e invasión levados a cabo polo exército de Israel, que evidencian o colofón da blocaxe perpetrada polo Estado israelí contra o pobo de Gaza, en Palestina, constituíndo un crime de guerra.

2. Transmitir a solidariedade e apoio á representación do pobo de Palestina en Galiza.

3. Remitir cadanseu escrito de condena ao Presidente e Vicepresidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno español, Ministerio de Asuntos Exteriores e Embaixada de Israel, coa petición de que o Estado español suspenda as relacións diplomáticas e económicas co Estado de Israel até que non se poña fin á agresión militar, invasión e blocaxe que está a perpetrar na franxa de Gaza, en Palestina.

4. Solicitar, así mesmo, que o Estado español inste oficialmente ao cumprimento das reiteradas resolucións da ONU relativas á retirada do Estado de Israel dos territorios ocupados; ao tempo que se demanda, no marco das Nacións Unidas, o envío inmediato dunha misión de observación e interposición co fin de garantir a fin da blocaxe e da agresión militar."

O Sr. Soto di que Israel está a cometer un xenocidio cos palestinos, rexeitando treguas humanitarias, infrinxindo os dereitos humanos e practicando a tortura e o exterminio sistemático, incluso de nenos.

O Sr. Bedoya interven para dicir que aínda que é certa a desproporción entre o poderío militar de palestinos e israelíes, ámbalas dúas son partes dun conflito que soamente se resolverá coa participación activa dos dous, que Gaza está gobernada por Hamás, unha organización considerada internacionalmente como terrorista, e os palestinos teñen lanzados nos últimos meses miles de cohetes sobre territorio israelí, que tamén causaron baixas entre a poboación civil, e que polos palestinos se está fomentando o fanatismo aínda entre os cativos, ós que se anima a converterse en bombas humanas para causar baixas xudeas.

O Sr. Soto interven de novo para dicir que os palestinos non fan senon defenderse dos ataques contra eles, polo que non se sentían concernidos polo alto o fogo, e que Hamás non é unha organización terrorista e foi elixida democráticamente.

O Sr. Bedoya interven outra vez para indicar que en relación co asunto da tregua humanitaria, están de acordo, pero que o conflito ten dúas partes e ámbalas dúas teñen a súa responsabilidade e deberían ser destinatarias das peticións que se formulan na moción, polo que o seu grupo vaise abster na votación da moción.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros do BNG e PSOE, con catro abstencións, dos do PP, acorda a aprobación da moción de que se trata.

DÉCIMO- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Bedoya formula o rogo de que se comprobe como se está a cumprir o contrato para o mantemento dos campos de fútbol, porque o seu estado actual é bastante malo.

O Sr. Alcalde di que xa se fixo unha xuntanza coa empresa adxudicataria e se entende que se está cumprindo o contrato, pero tamén se está a buscar solucións para mellorar o estado desas instalacións. O Sr. Soto di que a empresa cumpre as súas obrigas, pero que non se pode loitar contra o clima, e ademáis de chover moitísimo últimamente, o uso dos campos



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

incrementouse pola presenza doutro equipo máis, polo que manter as condicións idóneas é complicado, aínda que nos últimos días mellorouse bastante.

Pregunta de seguido o Sr. Bedoya se o grupo de goberno ten coñecemento das queixas relativas ó funcionamento do centro de saúde, respostándose que si e que se tratará de resolver os problemas ós que se refiren.

Formula a continuación o Sr. Bedoya unha serie de preguntas que seguidamente se detallan seguidas das respostas dadas polo Sr. Alcalde:

- Cal foi a resposta á solicitude de subvención para unha escola obradoiro. O Sr. Alcalde resposta que non foi concedida.

- A canto ascendeu o custo do proxecto encargado a unha empresa para esa solicitude, respostando o Sr. Alcalde que non o sabe de memoria.

- En que estado se atopa o expediente para o polígono industrial obxecto dun convenio asinado hai xa varios meses. O Sr. Alcalde di que a empresa Proyfe está a redactar o proxecto de sectorización e que é precisa a tramitación dunha modificación puntual das vixentes Normas Subsidiarias para cambiar o ámbito ó que afectará o proxecto.

- En que estado se atopa a tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, ó que o Sr. Alcalde resposta que é un tema vencellado ó do polígono, e se retrasa por esa razón.

- A cantos usuarios se está atender co persoal de nova contratación no Servizo de Axuda no Fogar, respostándose polo Sr. Alcalde e pola concelleira Sra. Muiño que o modelo de atención é diferente na dependencia, con moitas máis horas de prestación mensual por usuario que no servizo municipal, e que en calquera caso, as novas contratacións fanse seguindo as novas necesidades do servizo.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e corenta e sete minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,